



**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA SEIS DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E UN.**

**Expte.-2021/G010/000006**

Valdoviño, 6 de maio de 2021. Hora: 20:00

Lugar: Edificio Casa de Cultura de Valdoviño

Primeira convocatoria

Sesión ordinaria de carácter mensual, para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr.Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Alberto González Fernández

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Jessica Sabín Fernández

Alejandro Antonio García Sousa

Ana Belén Pérez Fernández

Germán Gómez Senra

M<sup>o</sup> Pilar Caamaño Vilela

PP:

Javier Bouzamayor Casas

Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Disculpa a inasistencia o concelleiro Carlos Alberto Ameneiros Serantes (BNG).

Asistidos da secretaria municipal Carlota González Navarro e da interventora do Concello Elisa Marqués Parrilla.

Celebración da sesión no edificio Casa Cultura por razón de Covid-19 i en especial para salvaguardar as medidas de seguridade en canto a distancia establecidas.

Abre a sesión o Presidente, para entrar no debate e votación dos seguintes puntos:

**I) PARTE DISPOSITIVA**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DE SESIÓN ANTERIOR: 08.04.21 (ORDINARIA).-**

Por votación ordinaria e unanimidade dos presentes, o borrador da acta mencionada quedou aprobado.

**2º.-APROBACIÓN DEFINITIVA DA NUMERACIÓN DE ENTIDADES SINGULARES DE POBOACIÓN DE VALDOVIÑO E APROBACIÓN DEFINITIVA INCORPORACIÓN DAS RÚAS DO CASCO URBANO DE VALDOVIÑO E OS SEUS NÚMEROS AO SISTEMA INTEGRADO DA NUMERACIÓN DE VALDOVIÑO.-**

*/Asunto ditaminado favorable en comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa de data 06.05.21/:*

**“Asunto: Aprobación definitiva da numeración de entidades singulares de poboación de Valdoviño e aprobación definitiva da incorporación das rúas do casco urbano de Valdoviño e os seus números aos sistema integrado da numeración de Valdoviño.**

O artigo 75 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial incluído dentro do capítulo relativo á comprobación e control de padrón municipal, dispón que:

*“Los Ayuntamientos mantendrán actualizadas la nomenclatura y rotulación de las vías públicas y la numeración de los edificios, informando de ello a todas las administraciones Públicas interesadas. Deberán mantener también la correspondiente cartografía o, en su defecto, referencia precisa de las direcciones postales”*

Con elo tómase en conta a importancia que ten para o padrón de veciños e por ende para a formación do censo electoral, ademais da seguridade e axilidade na localización de inmobles do término municipal, o que serve para múltiples actos da vida cidadá (prestación de servicios , tráfico xurídico de inmobles,etc.,).

Vista a lexislación aplicable:

-Artigo 75 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo

-A Resolución de 29 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución de 17 de febreiro de 2020, da Presidencia do Instituto Nacional de Estadística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos Concellos sobre a xestión do Padrón municipal.

CONSIDERANDO que corresponde ao Pleno do Concello acordar a numeración e denominación da vía pública de conformidade co artigo 22.2.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Visto que o Pleno da Corporación en sesión plenaria de 6 de febreiro de 2020 aprobou a denominación das rúas do casco urbano de Valdoviño.

Visto que que en sesión plenaria de 3 de setembro de 2020 aprobouse inicialmente a numeración de entidades singulares de poboación de Valdoviño, sendo publicado no BOP número 152 en data 15 de setembro de 2020 sometendo ó expediente a trámite de información pública por un prazo de 20 días para formulación de cantas alegacións se tiveran por convinte.

Visto que en sesión Plenaria de 14 de xaneiro de 2021 aprobouse inicialmente a incorporación das rúas do casco urbano de Valdoviño e os seus números aos sistema integrado da numeración de Valdoviño, sendo publicado no BOP número 24 en data 5 de febreiro de 2021, sometendo ó expediente a trámite de información pública por un prazo de 20 días para formulación de cantas alegacións se tiveran por convinte.

Considerando as alegacións presentadas dentro do período outorgado dende a publicación no BOP en ambos procedementos e vistos os informes obrantes nos expedientes, esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.- Estimar** as alegacións presentadas a aprobación inicial da numeración de entidades singulares de poboación de Valdoviño polos motivos e xustificacións dos motivos que se indican en cada caso:

- 1. Alegación: Presentador: P.P.V. con Dni: \*\*\*8778\*\***  
Nº rexistro: 2177  
Data: 08/10/2020  
Síntese da alegación: Solicita que se numere a vivenda con referencia catastral 5976801NJ6257N  
Resolución: Asígnase o número a dita vivenda
- 2. Alegación: Presentador: J.A.C.A. con Dni: \*\*\*2625\*\***  
Nº rexistro: 2033  
Data: 25/09/2020  
Síntese da alegación: Solicita que se numere a vivenda con referencia catastral 5777522NJ6257N  
Resolución: Asígnase o número a dita vivenda.
- 3. Alegación: Presentador: A.G.F. con Dni: \*\*\*1367\*\***  
Nº rexistro: 2091  
Data: 30/09/2020  
Síntese da alegación: Solicita a numeración das dúas construcións que se sitúan dentro da parcela con referencia catastral 15088A50300938: Trátase dun bar mais unha vivenda. Por outro lado solicita que se lle de un número ao resto do solo en previsión dunha futura construción.

*Resolución:* Asígnanse os números solicitados, reúnen os parámetros exixidos para a numeración

**4. Alegación: Presentador: A.V.S con Dni: \*\*\*2234\*\***

*Nº rexistro:* 2090

*Data:* 30/09/2020

*Síntese da alegación:* Solicita a numeración da vivenda situada na parcela con referencia catastral 5466910NJ6256N e da finca con referencia catastral 5466914NJ6256N en previsión dunha futura construción.

*Resolución:* Asígnanse os números solicitados, reúnen os parámetros exixidos para a numeración

**5. Alegación: Presentador: M.M.L.C. con Dni: \*\*\*8191\*\***

*Nº rexistro:* 2075

*Data:* 29/09/2020

*Síntese da alegación:* Solicita a numeración da finca con referencia catastral 5777536NJ6257

*Resolución:* Asígnase o número solicitado, reúne os parámetros exixidos para a numeración.

**6. Alegación: Presentador: M.A.P.C. con Dni: \*\*\*6582\*\***

*Nº rexistro:* 792

*Data:* 28/09/2020 *Síntese da alegación:* Solicita a numeración da vivenda con referencia catastral 000100100NJ72G

*Resolución:* Asígnase o número solicitado, reúne os parámetros exixidos para a numeración.

**7. Alegación: Presentador: A.R.R. con Dni: \*\*\*8456\*\***

*Nº rexistro:* 790

*Data:* 28/09/2020

*Síntese da alegación:* Solicita a numeración da vivenda con referencia catastral 001801300NJ73B

*Resolución:* Asígnase o número solicitado, reúne os parámetros exixidos para a numeración.

**8. Alegación: Presentador: D.B.V.D. con Dni: \*\*\*4199\*\***

*Nº rexistro:* 2068

*Data:* 28/09/2020

*Síntese da alegación:* Solicita a numeración das catro vivendas con referencia catastral 000700100NJ62F

*Resolución:* Asígnanse os números solicitados, reúnen os parámetros exixidos para a numeración.

**9. Alegación: Presentador: D.D.A. con Dni: \*\*\*1303\*\***

*Nº rexistro:* 2067 *Data:* 28/09/2020

*Síntese da alegación:* Solicita a numeración das catro vivendas con referencia catastral 000700100NJ62F

*Resolución:* Asígnanse os números solicitados, reúnen os parámetros exixidos para a numeración

**10. Alegación: Presentador: M.C.L.R. con Dni: \*\*\*0698\*\***

*Nº rexistro:* 2053

*Data:* 28/09/2020

*Síntese da alegación:* Solicita a numeración da finca con referencia catastral 15088A50101046

*Resolución:* Asígnase o número solicitado, reúne os parámetros exixidos para a numeración.

**11. Alegación: Presentador: M.C.L.V. con Dni: \*\*\*1566\*\***

*Nº rexistro:* 1969

*Data:* 21/09/2020

*Síntese da alegación:* Solicita a numeración da vivenda con referencia catastral 15088A50101019

*Resolución:* Asígnase o número solicitado, reúne os parámetros exixidos para a numeración. Observación: Estimada

**12. Alegación: Presentador: M.L.I.L. con Dni: \*\*\*5111\*\***

*Nº rexistro:* 2046

*Data:* 25/09/2020

*Síntese da alegación:* Solicita a numeración da vivenda con referencia catastral 15088A02101114

*Resolución:* Asígnase o número solicitado, reúne os parámetros exixidos para a numeración.

**13. Alegación: Presentador: J.M.C.V con Dni. \*\*\*3965\*\***

*Nº rexistro:* 2027 *Data:* 25/09/2020

*Síntese da alegación:* Solicita unha aclaración sobre os tres números que se adjudican á referencia catastral 5574823NJ6257S, vivenda, garaxe e previsión dunha futura construción por ser solo urbano.

*Resolución:* Procedese a corrección das características do número en previsión

**14. Alegación: Presentador: J.C.M.P. con Dni: \*\*\*5814\*\***

*Nº rexistro:* 2026

*Data:* 25/09/2020 *Síntese da alegación:* Indícase un erro na delimitación do lugar de A Pedreira e A Lameira que afecta á referencia catastral 6063801NJ6266S *Resolución:* Procédese á corrección da delimitación entre as entidades singulares e numerase a vivenda dentro do lugar de A Pedreira.

**15. Alegación: Presentador: M.D.R. con Dni: \*\*\*9438\*\***

*Nº rexistro:* 2019

*Data:* 24/09/2020 *Síntese da alegación:* Solicita a numeración da vivenda con referencia catastral 002299300NJ62D

*Resolución:* Asígnase o número solicitado, reúne os parámetros exixidos para a numeración.

**16. Alegación: Presentador: M.D.R. con Dni: \*\*\*9438\*\***

*Nº rexistro:* 2019

*Data:* 24/09/2020

*Síntese da alegación:* Solicita a numeración da vivenda con referencia catastral 002299300NJ62D

*Resolución:* Asígnase o número solicitado, reúne os parámetros exixidos para a numeración.

**17. Alegación: Presentador: M.P.S. con Dni: \*\*\*3116\*\***

*Nº rexistro:* 1985 *Data:* 22/09/2020

*Síntese da alegación:* Solicita a numeración da vivenda con referencia catastral 000701800NJ62D

*Resolución:* Asígnase o número solicitado, reúne os parámetros exixidos para a numeración.

**18. Alegación: Presentador: J.C.F. con Dni: \*\*\*8192\*\***

*Nº rexistro:* 2020

*Data:* 24/09/2020

*Síntese da alegación:* o presentador manifesta un erro na delimitación do lugar de Padín e As Pallotas que afecta ás parcelas con referencia catastral 5766224NJ6256N, 5766225NJ6256N e 5766227NJ6256N

*Resolución:* Procédese á corrección da delimitación entre as entidades singulares e numérase a vivenda dentro do lugar de Padín.

**19. Alegación: Presentador: L.F.S. con Dni: \*\*\*9760\*\***

*Nº rexistro:* 2004

*Data:* 23/09/2020

*Síntese da alegación:* Solicita a numeración da súa vivenda dentro da parcela con referencia catastral 15088A50101604

*Resolución:* Asígnanse o número solicitado, reúne os parámetros exixidos para a numeración

**20. Alegación: Presentador: J.O.B. con Dni: \*\*\*8193\*\***

*Nº rexistro:* 1970

*Data:* 21/09/2020 *Síntese da alegación:* Solicita a numeración de dúas vivendas dentro da referencia catastral 000701800NJ62D

*Resolución:* Asígnanse os números solicitados, reúnen os parámetros exixidos para a numeración

**21. Alegación: Presentador: F.R.L. con Dni: \*\*\*8845\*\***

*Nº rexistro:* 1971

*Data:* 21/09/2020

*Síntese da alegación:* Solicita a numeración da vivenda con referencia catastral 001900100NJ62H

*Resolución:* Asígnase o número solicitado, reúne os parámetros exixidos para a numeración

**22. Alegación: Presentador: F.G.R. con Dni: \*\*\*3443\*\***

*Nº rexistro:* 1967

*Data:* 21/09/2020

*Síntese da alegación:* Solicita a numeración da vivenda con referencia catastral 001400400NJ72G

*Resolución:* Asígnase o número solicitado, reúne os parámetros exixidos para a numeración

**23. Alegación: Presentador: D.G.R. con Dni: \*\*\*5150\*\***

*Nº rexistro:* 1966

*Data:* 21/09/2020

*Síntese da alegación:* Solicítase que á parcela con referencia catastral 001300800NJ73A se lle asigne o nº 2 en base á antigüidade da vivenda e documentos onde figura dito número.

*Resolución:* Asígnase o número solicitado, reúne os parámetros exixidos para esa numeración específica.

**24. Alegación: Presentador: C.B.F. con Dni: \*\*\*7851\*\***

*Nº rexistro:* 1970

*Data:* 17/09/2020

*Síntese da alegación:* Solicita a numeración da vivenda con referencia catastral 15088A04200415

*Resolución:* Asígnase o número solicitado, reúne os parámetros exixidos para a numeración.

**25. Alegación: Presentador: C.R.C. con Dni \*\*\*8359\*\***

*Nº rexistro:* 1943

*Data:* 17/09/2020

*Síntese da alegación:* Solicita a numeración da vivenda con referencia catastral 000501000NJ73A

*Resolución:* Asígnase o número solicitado, reúne os parámetros exixidos para a numeración.

**26. Alegación: Presentador: M.C.M.G. con Dni: \*\*\*3789\*\***

*Nº rexistro:* 202090000000505

*Data:* 14/10/2020

*Síntese da alegación:* Solicita a numeración das vivendas con referencia catastral 001803700NJ62F

*Resolución:* Asígnanse os números solicitados, reúnen os parámetros exixidos para a numeración

**Segundo.- Estimar parcialmente** as alegacións presentadas a aprobación inicial da numeración de entidades singulares de poboación de Valdoviño polos motivos e xustificacións dos motivos que se indican en cada caso:

**1. Alegación: Presentador: J.L.M.F. con Dni: \*\*\*4558\*\***

Nº rexistro: 2069 Data: 28/09/2020

*Síntese da alegación:* Indica que lle resulta imposible deducir a numeración polo que solicita que se proceda á corrección das deficiencias e se proceda a un mellor xeito de numerar o lugar.

*Resolución:* En relación cos criterios establecidos para a numeración, estes veñen recollidos no punto 3.4 ANÁLISE DOS DATOS OBTIDOS E ESTABLECIMENTO DE CRITERIOS da Memoria Técnica da Numeración onde se establecen uns criterios de numeración, coa finalidade de que a actualización sexa coherente e axeitada en cada caso, tomando como base a normativa específica existente, análise comparativa e as pertinentes consultas ao concello de VALDOVIÑO máis ao Instituto Nacional de Estatística (INE). A normativa aplicable ven recollida no punto 2 NORMATIVA APLICABLE da Memoria Técnica da Numeración. Respecto aos erros específicos de numeración revisouse o núcleo procedendo á corrección de certas deficiencias.

**2. Alegación: Presentador: M.C.H.R. con Dni: \*\*\*7149\*\***

Nº rexistro: 202099900000781

Data: 26/09/2020

*Síntese da alegación:* Indicase a non conformidade coa numeración proposta. Suxire un sistema de rúas e camiños co mesmo sistema dos núcleos urbanos.

*Resolución:* En relación cos criterios establecidos para a numeración, estes veñen recollidos no punto 3.4 ANÁLISE DOS DATOS OBTIDOS E ESTABLECIMENTO DE CRITERIOS da Memoria Técnica da Numeración onde se establecen uns criterios de numeración, coa finalidade de que a actualización sexa coherente e axeitada en cada caso, tomando como base a normativa específica existente, análise comparativa e as pertinentes consultas ao concello de VALDOVIÑO máis ao Instituto Nacional de Estatística (INE). A normativa aplicable ven recollida no punto 2 NORMATIVA APLICABLE da Memoria Técnica da Numeración. Numérase cada entidade singular de poboación que se recolle tanto nas normas subsidiarias como na base de datos do padrón actual en relación coas edificacións existentes e os posibles crecementos urbanísticos dos núcleos rurais e do solo urbano establecido na normativa. En relación coa delimitación das entidades singulares, naqueles casos onde poidan existir certas discrepancias por tradicións costumes ou intereses particulares, prevalecerá sempre o criterio que cause un menor dano ao veciño, analizando os domicilios fiscais actuais, domiciliacións, etc., entre outros datos. Cabe subliñar que na parroquia de Santa Eulalia de Valdoviño 16 lugares históricos están conformados por novas Rúas debido a expansión urbana do propio núcleo urbano.



**3. Alegación: Presentador: C.H.C. con Dni: \*\*\*\*4639\*\***

Nº rexistro: 202099900000783

Data: 26/09/2020

*Síntese da alegación:* Indicase a non conformidade coa numeración proposta. Suxire un sistema de rúas e camiños co mesmo sistema dos núcleos urbanos.

*Resolución:* En relación cos criterios establecidos para a numeración, estes veñen recollidos no punto 3.4 ANÁLISE DOS DATOS OBTIDOS E ESTABLECEMENTO DE CRITERIOS da Memoria Técnica da Numeración onde se establecen uns criterios de numeración, coa finalidade de que a actualización sexa coherente e axeitada en cada caso, tomando como base a normativa específica existente, análise comparativa e as pertinentes consultas ao concello de VALDOVIÑO máis ao Instituto Nacional de Estatística (INE). A normativa aplicable ven recollida no punto 2 NORMATIVA APLICABLE da Memoria Técnica da Numeración. Numérase cada entidade singular de poboación que se recolle tanto nas normas subsidiarias como na base de datos do padrón actual en relación coas edificacións existentes e os posibles crecementos urbanísticos dos núcleos rurais e do solo urbano establecido na normativa.

En relación coa delimitación das entidades singulares, naqueles casos onde poidan existir certas discrepancias por tradicións costumes ou intereses particulares, prevalecerá sempre o criterio que cause un menor dano ao veciño, analizando os domicilios fiscais actuais, domiciliacións, etc., entre outros datos. Cabe subliñar que na parroquia de Santa Eulalia de Valdoviño 16 lugares históricos están conformados por novas Rúas debido a expansión urbana do propio núcleo urbano.

**4. Alegación: Presentador: J.C.D.G. con Dni: \*\*\*\*6497\*\***

Nº rexistro: 202099900000782

Data: 26/09/2020

*Síntese da alegación:* Indicase a non conformidade coa numeración proposta. Suxire un sistema de rúas e camiños co mesmo sistema dos núcleos urbanos.

*Resolución:* En relación cos criterios establecidos para a numeración, estes veñen recollidos no punto 3.4 ANÁLISE DOS DATOS OBTIDOS E ESTABLECEMENTO DE CRITERIOS da Memoria Técnica da Numeración onde se establecen uns criterios de numeración, coa finalidade de que a actualización sexa coherente e axeitada en cada caso, tomando como base a normativa específica existente, análise comparativa e as pertinentes consultas ao concello de VALDOVIÑO máis ao Instituto Nacional de Estatística (INE). A normativa aplicable ven recollida no punto 2 NORMATIVA APLICABLE da Memoria Técnica da Numeración. Numérase cada entidade singular de poboación que se recolle tanto nas normas subsidiarias como na base de datos do padrón actual en relación coas edificacións existentes e os posibles crecementos urbanísticos dos núcleos rurais e do solo urbano establecido na normativa. En relación coa delimitación das entidades singulares, naqueles casos onde poidan existir certas discrepancias por tradicións costumes ou intereses particulares, prevalecerá sempre o criterio que cause un menor dano ao veciño, analizando os

domicilios fiscais actuais, domiciliacións, etc., entre outros datos. Cabe subliñar que na parroquia de Santa Eulalia de Valdoviño 16 lugares históricos están conformados por novas Rúas debido a expansión urbana do propio núcleo urbano.

**5. Alegación: Presentador: M.I.R.P. con Dni:\*\*\*7697\*\***

Nº rexistro: 202099900000784

Data: 26/09/2020

*Síntese da alegación:* Indicase a non conformidade coa numeración proposta. Suxire un sistema de rúas e camiños co mesmo sistema dos núcleos urbanos. *Resolución:* En relación cos criterios establecidos para a numeración, estes veñen recollidos no punto 3.4 ANÁLISE DOS DATOS OBTIDOS E ESTABLECEMENTO DE CRITERIOS da Memoria Técnica da Numeración onde se establecen uns criterios de numeración, coa finalidade de que a actualización sexa coherente e axeitada en cada caso, tomando como base a normativa específica existente, análise comparativa e as pertinentes consultas ao concello de VALDOVIÑO máis ao Instituto Nacional de Estatística (INE). A normativa aplicable ven recollida no punto 2 NORMATIVA APLICABLE da Memoria Técnica da Numeración. Numérase cada entidade singular de poboación que se recolle tanto nas normas subsidiarias como na base de datos do padrón actual en relación coas edificacións existentes e os posibles crecementos urbanísticos dos núcleos rurais e do solo urbano establecido na normativa En relación coa delimitación das entidades singulares, naqueles casos onde poidan existir certas discrepancias por tradicións costumes ou intereses particulares, prevalecerá sempre o criterio que cause un menor dano ao veciño, analizando os domicilios fiscais actuais, domiciliacións, etc., entre outros datos. Cabe subliñar que na parroquia de Santa Eulalia de Valdoviño 16 lugares históricos están conformados por novas Rúas debido a expansión urbana do propio núcleo urbano.

**6. Alegación: Presentador: D.B.V.D con Dni: \*\*\*4199\*\*, L.M.B.R. con Dni: \*\*\*1282\*\*, J.L.M.F. con Dni: \*\*\*4558\*\*, R.M.V. con Dni: \*\*\*2289\*\* e M.E.S.R. con Dni: \*\*\*2736\*\***

Nº rexistro: 2274

Data: 15/10/2020

*Síntese da alegación:* Escrito conxunto no que se indica a interese por facer a numeración do mellor xeito posible para minimizar os danos e molestias que este feito lle poida ocasionar aos veciños. Discrepan con certos criterios á hora da delimitación das entidades singulares así como coa toponimia empregada. Tamén se indica a falta de numeración nalgunhas vivendas e o erro de numerar construcións auxiliares. Suxírese unha numeración lineal de principio a fin da vía para evitar incoherencias na numeración proposta e que se dean nomes ás vías. *Resolución:* En relación cos criterios establecidos para a numeración, estes veñen recollidos no punto 3.4 ANÁLISE DOS DATOS OBTIDOS E ESTABLECEMENTO DE CRITERIOS da Memoria Técnica da Numeración onde se establecen uns criterios de numeración, coa finalidade de que a

actualización sexa coherente e axeitada en cada caso, tomando como base a normativa específica existente, análise comparativa e as pertinentes consultas ao concello de VALDOVIÑO máis ao Instituto Nacional de Estatística (INE). A normativa aplicable ven recollida no punto 2 **NORMATIVA APLICABLE** da Memoria Técnica da Numeración. Respecto aos erros específicos de numeración revisouse o núcleo e atendeuse á alegación presentada por Dolores B. Veiga Doce que se indica a continuación e na que se lle da resposta pormenorizada. (alegación 37)

**Terceiro.- Desestimar** as alegacións presentadas a aprobación inicial da numeración de entidades singulares de poboación de Valdoviño polos motivos e xustificacións dos motivos que se indican en cada caso:

**1. Alegación: Presentador: P.P.V. con Dni: \*\*\*8778\*\***

*Nº rexistro:* 2165

*Data:* 07/10/2020

*Síntese da alegación:* Solicita que se numere de forma independente a vivenda con referencia catastral 15088A50201117 situada no primeiro andar

*Resolución:* As vivendas independentes situadas en diferentes andares destínguense polo andar conservando o mesmo número. (Exemplo, LG TARAZA, Nº 7 PRIMEIRO ANDAR).

**2. Alegación: Presentador: A.G.D. con Dni:\*\*\*1765\*\***

*Nº rexistro:* 2092

*Data:* 30/09/2020

*Síntese da alegación:* Solicita que se numere a parcela con referencia catastral 15088A50301019

*Resolución:* A zona urbana da parcela non reúne os parámetros exixidos para a numeración

**3. Alegación: Presentador: A.G.F. con Dni: \*\*\*1367\*\***

*Nº rexistro:* 2093

*Data:* 30/09/2020

*Síntese da alegación:* Solicita que se numere de forma independente la parcela con referencia catastral 15088A50300066

*Resolución:* A parcela non reúne os parámetros exixidos para a numeración. Non está en solo de núcleo rural.

**4. Alegación: Presentador: M.L.P.C. con Dni: \*\*\*1346\*\***

*Nº rexistro:* 1991

*Data:* 22/09/2020

*Síntese da alegación:* Solicítase que se comunique a numeración proposta sobre a súa parcela que non cumpre certos parámetros urbanísticos así como a delimitación do núcleo CASTRO na parroquia de Pantín.

*Resolución:* En relación cos criterios establecidos para a numeración, estes veñen recollidos no punto 3.4 ANÁLISE DOS DATOS OBTIDOS E ESTABLECEMENTO DE CRITERIOS da Memoria Técnica da Numeración onde se establecen uns criterios de numeración, coa finalidade de que a actualización sexa coherente e axeitada en cada caso, tomando como base a normativa específica existente, análise comparativa e as pertinentes consultas ao concello de VALDOVIÑO máis ao Instituto Nacional de Estatística (INE). A normativa aplicable ven recollida no punto 2 NORMATIVA APLICABLE da Memoria Técnica da Numeración. Numérase cada entidade singular de poboación que se recolle tanto nas normas subsidiarias como na base de datos do padrón actual en relación coas edificacións existentes e os posibles crecementos urbanísticos dos núcleos rurais e do solo urbano establecido na normativa. En relación coa delimitación das entidades singulares, naqueles casos onde poidan existir certas discrepancias por tradicións costumes ou intereses particulares, prevalecerá sempre o criterio que cause un menor dano ao veciño, analizando os domicilios fiscais actuais, domiciliacións, etc., entre outros datos.

**5. Alegación: Presentador: D.B.V. con Dni: \*\*\*1541\*\***

*Nº rexistro:* 2236

*Data:* 13/10/2020

*Síntese da alegación:* Alega que a súa vivenda non está en Rioboo, está en Montefaro

*Resolución:* Considérase como entidade singular de poboación a calquera área habitable do concello, habitada ou, excepcionalmente deshabitada, claramente diferenciada dentro do mesmo, e que é coñecida por unha denominación específica que a identifica sen posibilidade de confusión. A delimitación das entidades toma coma base a delimitación dos núcleos rurais indicados nas normas subsidiarias de planeamento, parcelario e base de datos catastral entre outras fontes procurando respectar a toponimia tradicionalmente utilizada en Valdoviño.

**Cuarto.- Estimar** as alegacións presentadas a incorporación das rúas do casco urbano de Valdoviño e os seus números polos motivos e xustificacións que se indican en cada caso:

**1. Alegación: Presentador: I.D.G. con Dni: \*\*\*7795\*\***

*Nº rexistro:* 416

*Data:* 15/02/2021

*Síntese da alegación:* Solicita que se numere o inmovible con referencia catastral 5976801NJ6257N

*Resolución:* Asígnase o número a dito inmovible

**Quinto.- Desestimar** as alegacións presentadas a incorporación das rúas do casco urbano de Valdoviño e os seus números polos motivos e xustificacións que se indican en cada caso:

**1. Alegación: Presentador: M.T.G.F. con Dni: \*\*\*6143\*\***

Nº rexistro: 467

Data: 23/02/2021

*Síntese da alegación:* Suxírense uns nomes para a Rúa Pintor Francisco Yglesias (Rúa Saiña, Saiña Praia” “Rúa Praia Pequena”)

*Resolución:* Indícase a existencia da Avenida de Saiña que se pode identificar no plano 27, e non se corresponde coa Rúa Pintor Francisco Yglesias. Esta trátase de unha nova rúa.

**2. Alegación: Presentador: M.P.G. con Dni: \*\*\*5443\*\***

Nº rexistro: 189

*Data:* 10/02/2021 *Síntese da alegación:* En relación coa Rúa Pintor Francisco Yglesias suxire que manteñan a orde dos números preexistentes comezando dende a praia pequena.

*Resolución:* En relación cos criterios establecidos para a numeración, estes veñen recollidos no punto 3.4 ANÁLISE DOS DATOS OBTIDOS E ESTABLECEMENTO DE CRITERIOS da Memoria Técnica da Numeración onde se establecen uns criterios de numeración, coa finalidade de que a actualización sexa coherente e axeitada en cada caso, tomando como base a normativa específica existente, análise comparativa e as pertinentes consultas ao concello de VALDOVIÑO máis ao Instituto Nacional de Estatística (INE). A normativa aplicable ven recollida no punto 2 *NORMATIVA APLICABLE* da Memoria Técnica da Numeración.

**Sexto.-** Proceder a aprobación definitiva da numeración de entidades singulares de poboación de Valdoviño e aprobación definitiva incorporación das rúas do casco urbano de Valdoviño e os seus números aos sistema integrado da numeración de Valdoviño.

**Sétimo.-** Publicar no BOP e que se notifique o presente acordo aos interesados e o Instituto Nacional de Estatística.

Valdoviño,  
O Alcalde  
Alberto González Fernández.  
ASINADO DIXITALMENTE POLO SR. ALCALDE”

**O Pleno da Corporación en votación ordinaria e por maioría dos asistentes á sesión acordou a aprobación da anterior proposta da Alacaldía.**

***Votos favorables do grupo municipal (PSdG-PSOE) e do PP. Voto en contra do grupo municipal CENVAL***

### **3º.- CONVENIO DEPUTACIÓN CATASTRO.**

PROPOSTA DA ALCALDÍA: /Ditaminada favorablemente en comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa en sesión de 6.05.21/:

“Vistas as Bases para a prestación de servizos tributarios aos Concellos da Provincia da Coruña publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia núm. 214 do 9 de novembro do 2018.

Vista a base nº 3 das anteditas, co seguinte tenor literal: TERCERA.–CONTENIDO Y ALCANCE DE LA DELEGACIÓN.

(...)

2. Contenido opcional.

Los Ayuntamientos que hayan delegado el contenido mínimo podrán, además, delegar en la Diputación las siguientes otras competencias:

- La facultad, de acuerdo con lo previsto en el artículo 78 de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, para establecer acuerdos o convenios con la Administración Tributaria del Estado en materia de colaboración e inspección en relación con el Impuesto sobre Bienes Inmuebles.

(...)

Vista a base nº 9 das anteditas, co seguinte tenor literal: NOVENA.–ACUERDOS DE DELEGACIÓN Y DE ACEPTACIÓN.

El procedimiento para formalizar la delegación en la Diputación las competencias y funciones que se detallan en las presentes Bases será el siguiente:

1.º.–Acuerdo provisional de delegación de competencias, adoptado por el Pleno del Ayuntamiento delegante.

2.º.–Publicación del acuerdo anterior en el Boletín Oficial de la Provincia, abriendo un plazo mínimo de 30 días hábiles, para general conocimiento y presentación de alegaciones.

3.º.–Acuerdo adoptado por el Pleno del Ayuntamiento delegante, resolviendo las alegaciones recibidas o elevando a definitivo el acuerdo provisional si no hubiese ninguna.

4.º.–Traslado del acuerdo definitivo de la delegación a la Diputación, mediante certificación expedida por el Secretario del Ayuntamiento delegante.

5.º.–Acuerdo adoptado por el Pleno de la Diputación, aceptando la delegación si el acuerdo municipal se ajusta a las presentes Bases.

6.º.–Publicación del acuerdo anterior en el Boletín Oficial de la Provincia y en el Diario Oficial de Galicia, para general conocimiento, de acuerdo con lo previsto en el artículo 7.2 de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

(...)

Conforme o artigo 77.8 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En aplicación do disposto no Capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

De acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e a Lei 11/1999, do 21 de abril, esta Alcaldía

### **PROPÓN**

**PRIMEIRO.-** Delegar na Excma. Deputación de A Coruña a seguinte competencia: A facultade, de acordo co previsto no artigo 78 da Lei Reguladora das Facendas Locais, para establecer acordos ou convenios coa Administración Tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección en relación co Imposto de Bens Inmóveis.

**SEGUNDO.-** Publicar o acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia, abrindo un prazo mínimo de 30 días hábiles, para xeral coñecemento e presentación de alegacións.

**TERCEIRO.-** No caso de que non houberse alegacións elevarase a definitivo o acordo provisional, e en caso contrario o Pleno do Concello de Valdoviño adoptará acordo resolvendo as alegacións, recibidas.

**CUARTO.-**Traslado do acordo definitivo da delegación á Deputación Provincial de A Coruña, mediante certificación expedida pola Secretaría do Concello de Valdoviño.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)

**O Pleno da Corporación de Valdoviño, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, prestou aprobación á proposta de Alcaldía que antecede. Votos favorables dos grupos municipais PSdeG-PSOE (9 votos), PP 2 votos), CENVAL (1 voto).**

### **4º.- CONVENIO DE XUNTA DE GALICIA APOIO Á HOSTALARÍA.-**

O Pleno aprobou ratificar a adhesión do Convenio de referencia que se transcribe literalmente coas condicións adaptadas o Concello de Valdoviño.

**“CONVENIO TIPO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O CONCELLO DE VALDOVIÑO PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS AO SECTOR DA HOSTALARÍA CUXOS NEGOCIOS QUEDARON AFECTADOS POLOS PECHES REGULADOS NA NORMATIVA DITADA POLAS AUTORIDADES SANITARIAS POR CAUSA DA COVID-19.**

En Santiago de Compostela

**REUNIDOS**

Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

María Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, don Alberto González Fernández, alcalde- presidente do Concello de Valdoviño, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude,

**EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de colaboración e cooperación técnica e administrativa, podendo levar a cabo mediante a asistencia técnica e a subscripción de convenios.

**Segundo.-** De conformidade co artigo 1 do Decreto 233/2012, do 5 de decembro, a Vicepresidencia primeira da Xunta de Galicia, configúrase tamén como un órgano superior de coordinación da Presidencia da Xunta de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as funcións de coordinación e planificación interdepartamental e a súa execución, así como asegurar e garantir as necesarias relacións coas administracións locais.

Así mesmo, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo conforme ao disposto no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das

Vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia en relación co establecido no Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica é o departamento encargado de xestionar as competencias e funcións en materia de elaboración, proposta e execución da política do Goberno en materia de Administración Local e de emerxencias e



interior que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

**Terceiro** .- Que a competencia en materia de políticas activas de emprego correspóndelle á Consellería de Emprego e Igualdade, segundo o disposto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade.

**Cuarto** .- O artigo 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia prevé que as relacións de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa entre as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia, tanto na asuntos locais como nos asuntos de interese común se desenvolvan con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis. Entre as formas de colaboración atópase a subscripción de convenios.

Os concellos galegos, por ser a administración máis próxima á cidadanía, están interesados en por en marcha medidas concretas que aborden o impacto que o coronavirus causou no sector da hostalaría e dar unha resposta inmediata ás necesidades que precisan os establecementos hostaleiros e de restauración.

**Quinto** .- Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

Conforme o artigo 2 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de

prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

No exercicio destas competencias, e coa finalidade de conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, as autoridades sanitarias adoptaron diversas medidas que afectaron directamente ao sector hostaleiro que abarcaron dende o establecemento de requisitos e limitacións ao desenvolvemento da actividade de hostalaría e restauración ata as medidas de peche temporal destes establecementos.

**Sexto.-** O sector hostaleiro de Galicia , cunha función económica e social esencial, está composto, na súa maioría, por microempresas e, principalmente, por persoas traballadoras autónomas, que son as principais protagonistas na creación de emprego. Por este motivo, as distintas administracións públicas están a impulsar medidas para fomentar a actividade económica e mais concretamente para apoiar o mantemento do emprego na hostalaría de Galicia como axentes dinamizadores da economía na comunidade autónoma.

Non é suficiente con desenvolver políticas que favorezan o emprendemento senón que tamén é necesario articular programas que axuden e consoliden as microempresas e traballadores autónomos con persoal contratado ao seu cargo xa establecidos.

**Sétimo.-** No marco do contexto descrito as diferentes administracións públicas están a adoptar medidas de apoio ao sector da hostalaría, cuxos negocios quedaron afectados polas limitacións ao desenvolvemento da actividade así como polos peches temporais destes establecementos regulados na normativa sanitaria sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Entre estas medidas atópanse as axudas convocadas pola Consellería de Emprego e Igualdade mediante a Orde do 22 de febreiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa I Hostalaría, de apoio ao sector da hostalaría (TR500C), e do Programa II Outras actividades pechadas (TR500D), e se procede á súa convocatoria para 2021 (DOG Núm.36, do 23 de febreiro de 2021). Estas axudas contan cun orzamento para o Programa I de 12.000.000 €.

**Oitavo.-** A concesión das axudas convocadas pola Orde do 22 de febreiro de 2021 realizarase, tal e como recolle no seu artigo 10, pola comprobación da concorrencia na persoa ou entidade solicitante dos requisitos sinalados na mesma ata o esgotamento do crédito.

**Noveno.-** Os concellos de réxime común da Comunidade Autónoma teñen interese en complementar as axudas reguladas na antedita Orde do 22 de febreiro de 2021, e comprométese a realizar achegas a aquela para que estas sexan destinadas ás solicitudes que foran presentadas por persoas traballadoras autónomas, persoas físicas ou con persoal contratado por conta allea ao seu cargo, microempresas e pemes, calquera que sexa a súa forma xurídica, que pertencen ao sector da hostalaría e que se vexan afectadas polo peche conforme á normativa ditada polas autoridades sanitarias e que teñan o seu con domicilio no ámbito territorial do concello, sempre e cando estas solicitudes cumpran os requisitos sinalados na Orde do 22 de febreiro de 2021.

**Décimo.-** Co fin de poder levar a cabo as actuacións previstas no presente convenio, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes das axudas conforme o establecido no artigo 20 da Orde do 22 de febreiro de 2021, elaborouse unha listaxe coas solicitudes presentadas no ámbito territorial de cada un dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, que se puxo a disposición dos mesmos co obxecto de que estes, se así o desexasen, procederan a formalizar o presente convenio, no que se determinarán a cantidade total obxecto da súa achega, así como os beneficiarios desta.

O importe da axuda complementaria á establecida na antedita orde ascenderá á cantidade de 1000 € por establecemento e poderá estar destinada ás solicitudes que obtiveran axuda conforme á Orde do 22 de febreiro de 2021, ou a aquelas que non resultaran atendidas por esgotamento de crédito.

De conformidade co exposto, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para instrumentar a colaboración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e da Consellería de Emprego e Igualdade, e o Concello de Valdoviño para a concesión de das axudas ao sector da hostalaría cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da Covid-19.

## CLÁUSULAS

### CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓN XERAIS

#### **Primeira. Obxecto do convenio**

O presente convenio ten por obxecto instrumentar a colaboración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e da Consellería de Emprego e Igualdade, e o Concello de Valdoviño para a concesión de axudas ao sector da hostalaría cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da Covid-19.

#### **Segunda.- Modificación do convenio**

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, da Consellería de Emprego e Igualdade e do Concello de Valdoviño, e formalizarase mediante a subscripción da correspondente addenda ao mesmo.

#### **Terceira.- Duración do convenio**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura (coa obriga da publicación do mesmo nun boletín oficial -artigo 11.3.b) da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-) ata o 31 de decembro de 2021.

Agora ben, a Comisión de Seguimento da execución do convenio valorará a procedencia de finalizar o convenio antes desa data se a colaboración deixa de ser necesaria . Nese caso as partes poderán resolver o convenio de acordo co previsto na cláusula seguinte, estendendo non obstante a súa vixencia ata o remate dos procedementos xa iniciados baixo a vixencia deste convenio, salvo que o concello renuncie a esta posibilidade.

O anterior enténdese sen prexuízo da posibilidade de prorrogar a súa vixencia nos termos en que se determinen antes da finalización do correspondente período de vixencia.

#### **Cuarta.- Resolución do convenio.**

O presente convenio resolverase polas causas legalmente previstas, así como pola ineficacia sobrevida, por desaparecer a necesidade da colaboración, de acordo co previsto na cláusula terceira, polo incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén ou por causas de invalidez.

## **CAPÍTULO SEGUNDO. OBRIGAS DAS PARTES**

### **Quinta.- Obrigas da Comunidade Autónoma de Galicia**

A Comunidade Autónoma de Galicia comprométese, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e da Consellería de Emprego e Igualdade, a:

-A realización dos trámites necesarios para proceder á xeración dos créditos correspondentes á achega do Concello de Valdoviño, conforme o disposto nos artigos 66 e 69 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

- Tramitar as axudas correspondentes ás solicitudes presentadas dentro do ámbito territorial propio do Concello de Valdoviño e que cumpran os requisitos sinalados na Orde do 22 de febreiro de 2021.

-Unha vez realizados os trámites anteriores, a Consellería de Emprego e Igualdade ditará as resolucións de concesión das axudas complementarias ás establecidas nas bases reguladoras do Programa I Hostalaría, de apoio ao sector da hostalaría (TR500C) dentro do ámbito territorial propio do Concello de Valdoviño. A concesión das axudas realizarase nos termos establecidos no convenio.

- A proceder ao pago das axudas concedidas nos termos previstos na Orde do 22 de febreiro e a tramitación e resolución do procedemento de reintegro das mesmas nos casos previstos na Orde do 22 de febreiro e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

### **Sexta.- Obrigas do concello**

O Concello de Valdoviño comprométese:

a) A achegar a contía total de 16.000 € para complementar, mediante xeración, as axudas da Orde do 22 de febreiro para o Programa I (Hostalaría), co fin de que se destine ás solicitudes que foran presentadas por persoas traballadoras autónomas, persoas físicas ou con persoal contratado por conta allea ao seu cargo, microempresas e pemes, calquera que sexa a súa forma xurídica, que pertencen ao sector da hostalaría e que se vexan afectadas polo peche conforme a normativa ditada polas autoridades sanitarias e que teñan o seu domicilio no ámbito territorial do concello.

Da devandita contía destinaranse 1.000 € para cada un dos establecementos indicados no seguinte apartado ata o esgotamento do crédito total achegado polo concello.

b) A achega destinarase a conceder axudas complementarias, por importe de 1.000 € para cada un dos establecementos, a (marcar cunha X o que proceda):

- ( ) as solicitudes presentadas polas persoas ou entidades a que se refire o apartado anterior e que teñan o seu domicilio no ámbito territorial do seu concello.
- (X) ás solicitudes presentadas polas persoas ou entidades a que se refire o apartado anterior e que teñan o seu domicilio no ámbito territorial do seu concello e que quedasen sen atender por parte da Consellería de Emprego e Igualdade por terse esgotado o crédito asignado ao efecto.

c) A achega realizarase, con carácter voluntario, do seguinte xeito (marcar cunha X o que proceda):

- ( ) mediante a detracción, por parte da Xunta de Galicia, das súas transferencias do

Fondo de Cooperación local.

- (X) con cargo ás súas propias partidas orzamentarias. Neste último caso, se o concello non efectuase a súa achega antes do 31 de xullo, a Comunidade Autónoma de Galicia aplicará o disposto nos artigos 59 e 60 da Lei de Orzamentos para o 2021 relativos ao procedemento de compensación e retención do Fondo de Cooperación Local.

## **CAPÍTULO TERCEIRO. SEGUIMIENTO DO CONVENIO**

### **Sétima. Seguimento da execución do convenio**

Co fin de realizar o desenvolvemento, seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta, que estará integrada por dous representantes da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, un dos cales actuará como presidente, dous representantes da Consellería de Emprego e Igualdade e outros dous en representación do concello.

O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.
- As propostas de modificación do presente convenio.
- A elaboración de normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio.
- A valoración da procedencia de finalizar o convenio antes da data prevista por deixar de ser necesaria a colaboración.

## **CAPÍTULO CUARTO. FINANCIAMENTO**

### **Oitava. Financiamento**

As actuacións previstas neste convenio non supoñen ningún gasto para a Comunidade Autónoma de Galicia, xa que se realizarán cos seus medios propios.

O financiamento do concello ascende a 16.000 €

## **CAPÍTULO QUINTO. RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS**

### **Novena.- Natureza do convenio e discrepancias**

O presente convenio ten natureza administrativa. En especial, o convenio queda suxeito as previsións do artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como no que proceda, á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula sétima do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

### **Décima.- Protección de datos de carácter persoal**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento

Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

#### **Décimo primeira.- Publicidade**

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio, no lugar e data sinalados ut supra.

Vicepresidente primeiro e  
Conselleiro de Presidencia, Xustiza e  
Turismo

A Conselleira de Emprego e  
Igualdade

O alcalde- presidente do  
Concello de Valdoviño

D. Alfonso Rueda Valenzuela

Dna. M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza

D. Alberto González Fernández

#### **5º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL TRABALLADORES CÁNDIDO HERMIDA.-**

#### **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO PLENO ÁS TRABALLADORAS E AOS TRABALLADORES DA EMPRESA CÁNDIDO HERMIDA**

Traballadoras e traballadores da empresa Cándido Hermida,, atravesan uns momentos complicados tras levarse a cabo un total de vinte e tres despedimentos de persoal do plantel cunha media de quince anos de antigüidade na compañía. As centrais sindicais UGT, CIG E CCOO denuncian que os despedimentos comezaron o pasado 14 de abril alegando causas económicas nas empresas afectadas: Grupo Cándido Hermida, Induca, Inaval e Cándido Hermida Constructora.

O colectivo de afectados e as centrais sindicais aseguran non entender que ante unha situación económica tan preocupante como lles trasladan se despida a xente que suporá

un elevado custe en indemnizacións por levar máis anos na empresa nin o feito de que se estea subcontratando persoal.

Na reunión mantida entre as centrais sindicais e responsables da empresa os primeiros lamentaron a falta de explicacións máis alá das cartas de despedimentos. Así mesmo, advirten da posibilidade de que as decisións da empresa afecten tamén a persoal que continúa en activo, que podería ver empeorada aseguran as súas condicións laborais. Por todo o anterior, os Grupos Políticos con representación no Pleno do Concello de Valdoviño.

### **MANIFESTAN**

1.- O **apoio** ás reivindicacións dos traballadores e traballadoras da empresa Cándido Hermida para que se abran mesas de negociación na que poder abordar a actual situación entre as centrais sindicais e os responsables das compañías e se abran vías de diálogo co fin de chegar a un acordo satisfactorio para ambas partes.

### **6º.- RATIFICACIÓN DE DECRETOS.-**

Próponse ao Pleno a ratificación dos decretos de Alcaldía, seguintes, dos que se facilitara aos grupos municipais copia dos mesmos coa debida antelación á celebración desta sesión:

Decreto 216/2021 de data 20.04.21, de aprobación do proxecto correxido do investimento do POS+2021: Mellora das redes de servizo AC-116 P.K 8+800- 9+700.

Decreto 217/2021 de data 20.04.21, de aprobación do proxecto correxido do investimento do POS+2021: Mellora en saneamento na Carreira, Fase 1.

Decreto 236/2021 de data 27.04.21, de aprobación do proxecto correxido do investimento do POS+2021: Abastecemento en Outeiro e Outro.

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou ratificar a aprobación dos citados proxectos.**

### **FORA DA ORDE DO DÍA.**

O señor alcalde anuncia a inclusión dos seguintes puntos na orde do día; o pleno ratifica a urxencia.

### **.- ADXUDICACIÓN DE OPERACIÓN DE PRÉSTAMO.-**

Proposta de Alcaldía:

“Visto o acordo adoptado en sesión plenaria do Pleno da Corporación deste Concello celebrada en data catro de marzo de 2021 polo que se aprobou a formalización dunha

operación de crédito para atender unha serie de investimentos necesarios para os cales no se dispón do crédito adecuado e suficiente no vixente orzamento municipal.

Vista a proposición económica presentada en data 15/04/2021 por Abanca Corporación Bancaria, S. A. para a concertación da operación de préstamo por un importe de 1.200.000,00 euros co detalle seguinte:

Importe	1.200.000,00
Tipo de xuros	Euribor 3 meses + 0,63 % (mínimo 0 %)
Tipo de xuros de demora	1% sobre o xuro debedor en cada momento do cálculo
Liquidación de xuros	Trimestral
Prazo	180 meses
Carencia	24 meses

Dada conta do expediente tramitado para a adxudicación do contrato dunha operación de préstamo a longo prazo que financia diversos investimentos necesarios e inaprazables para o vindeiro exercicio consistentes en:

- Ampliación do centro sociocomunitario.
- Ampliación do servizo de abastecemento de auga a Pantín.
- Adquisición de terreos ao INVIED para centro de emerxencias na Carreira.
- Expropiación de edificio en sistema xeral viario e execución do mesmo no entorno da Praia Frouxeira.
- Adquisición de terreo para ampliación de espazos educativos en Atios.
- Reforma de fachada en centro de saúde.
- Adquisición de vivenda de carácter patrimonial do camiño de San Andrés en Porto do Cabo.
- Actuacións de mellora de aparcadoiros nas praias do Concello.

Vistos os informes de Secretaría e Intervención que obran no expediente de formalización de operación de crédito.

Considerando que o [artigo 48](#) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais -TRLRFL-, nos termos previstos na propia Lei, as Entidades Locais poderán concertar operacións de crédito en todas as súas modalidades, e con entidades financeiras de calquera natureza, debendo cumprir os principios de prudencia financeira definidos no [artigo 48bis](#) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais -TRLRHL-, introducido polo Real Decreto-lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sostenibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, así como a [Resolución de 4 de xullo de 2017](#), da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se



define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endeudamiento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03, e en relación co artigo 22, apartado 2.m da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03

### **PROPÓN:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a proposta de adxudicar o contrato dunha operación de préstamo a longo prazo por un período de 180 meses e 24 meses de carencia que financia os proxectos de investimentos unidos ao expediente por importe de 1.200.000,00 euros, a favor de Abanca Corporación Bancaria, S. A. segundo a proposición económica presentada.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)

**O Pleno da Corporación en votación ordinaria e por maioría dos asistentes á sesión, acordou a aprobación da adxudicación da operación de préstamo.**

***Votos favorables dos grupos PSdeG-PSOE e CENVAL; abstención do grupo municipal do PP.***

### **- APROBACIÓN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚM. 07/2021 MC SC FINANCIADO CON OPERACIÓN DE PRÉSTAMO.-**

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚM. 07/2021 MC SC FINANCIADO CON OPERACIÓN DE PRÉSTAMO.

De conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais: *1. Cuando haya de realizarse algún gasto que no pueda demorarse hasta el ejercicio siguiente, y no exista en el presupuesto de la corporación crédito o sea insuficiente o no ampliable el consignado, el presidente de la corporación ordenará la incoación del expediente de concesión de crédito extraordinario, en el primer caso, o de suplemento de crédito, en el segundo.*

*2. El expediente, que habrá de ser previamente informado por la Intervención, se someterá a la aprobación del Pleno de la corporación, con sujeción a los mismos trámites y requisitos que los presupuestos. Serán asimismo, de aplicación, las normas*

sobre información, reclamación y publicidad de los presupuestos a que se refiere el artículo 169 de esta ley.

3. Si la inexistencia o insuficiencia de crédito se produjera en el presupuesto de un organismo autónomo, el expediente de crédito extraordinario o de suplemento de crédito propuesto inicialmente por el órgano competente del organismo autónomo a que aquél corresponda, será remitido a la entidad local para su tramitación conforme a lo dispuesto en el apartado anterior.

4. El expediente deberá especificar la concreta partida presupuestaria a incrementar y el medio o recurso que ha de financiar el aumento que se propone.

Dicho aumento se financiará con cargo al remanente líquido de tesorería, con nuevos o mayores ingresos recaudados sobre los totales previstos en el presupuesto corriente, y mediante anulaciones o bajas de créditos de gastos de otras partidas del presupuesto vigente no comprometidos, cuyas dotaciones se estimen reducibles sin perturbación del respectivo servicio. En el expediente se acreditará que los ingresos previstos en el presupuesto vengan efectuándose con normalidad, salvo que aquéllos tengan carácter finalista.

5. Excepcionalmente, y por acuerdos adoptados con el quórum establecido por el artículo 47.3 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, se considerarán recursos efectivamente disponibles para financiar nuevos o mayores gastos, por operaciones corrientes, que expresamente sean declarados necesarios y urgentes, los procedentes de operaciones de crédito en que se den conjuntamente las siguientes condiciones:

Que su importe total anual no supere el cinco por ciento de los recursos por operaciones corrientes del presupuesto de la entidad.

Que la carga financiera total de la entidad, incluida la derivada de las operaciones proyectadas, no supere el 25 por ciento de los expresados recursos.

Que las operaciones queden canceladas antes de que se proceda a la renovación de la Corporación que las concierte.

6. Los acuerdos de las entidades locales que tengan por objeto la habilitación o suplemento de créditos en casos de calamidades públicas o de naturaleza análoga de excepcional interés general, serán inmediatamente ejecutivos, sin perjuicio de las reclamaciones que contra ellos se promovieran, las cuales deberán sustanciarse dentro de los ocho días siguientes a la presentación, entendiéndose desestimadas de no notificarse su resolución al recurrente dentro de dicho plazo.

Considerando o artículo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril:

*Los créditos extraordinarios son aquellas modificaciones del Presupuesto de gastos mediante los que se asigna crédito para la realización de un gasto específico y determinado que no puede demorarse hasta el ejercicio siguiente y para el que no existe crédito. (Artículo 158.1, LRHL).*

*Los suplementos de créditos son aquellas modificaciones del Presupuesto de gastos en los que concurriendo las mismas circunstancias anteriores en relación con el gasto a realizar, el crédito previsto resulta insuficiente y no puede ser objeto de ampliación. (Artículo 158.1, LRHL).*

Así como o artigo 36.2 relativo á fonte de financiamento destas modificacións de crédito:

*2. Los créditos extraordinarios y los suplementos de crédito para gastos de inversión podrán financiarse, además de con los recursos indicados en el apartado anterior, con los procedentes de operaciones de crédito.*

Vista a urxente necesidade de realizar diversos investimentos no presente exercicio 2021 para os que o crédito adecuado e dispoñible no vixente orzamento municipal resulta insuficiente

PROPONSE:

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito co número de expediente 07/2021 MC SC

A aprobación de modificación de crédito nas aplicacións orzamentarias de investimentos que se detallan a continuación por importe total de 1.040.693,80 euros:

APLICACIÓN ORZAMENTARI A	CONCEPTO	IMPORTE A DOTAR
933.63200	Xestión do patrimonio. Inversión de reposición en edificios e outras construcións	975.693,80 €
161.62300	Saneamento, abastecemento e distribución de augas. Inversión nova en maquinaria e instalacións técnicas.	40.000,00 €
1722.60900	Protección e mellora do medio ambiente. Inversión nova en	25.000,00 €

	infraestructuras e bens destinados ao uso xeral	
TOTAL		1.040.693,80

➤ Financiamento procedente de préstamos recibidos en entidades bancarias:

913 00 Préstamos recibidos a largo prazo de entes de fóra do sector público	1.040.693,80
Total	1.040.693,80

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Simultaneamente ao envío do anuncio a publicar anterior, remitir copia do expediente á Comunidade Autónoma e Administración Estatal. Ratificar a variación do anexo de investimentos correspondente aos créditos prorrogados e os que se introducen coas modificacións orzamentarias .

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O Alcalde, Alberto González Fernández (asdo. dixitalmente) “

**O Pleno da Corporación en votación ordinaria e por maioría dos asistentes á sesión, acordou a aprobación da adxudicación da operación de préstamo.**

***Votos favorables dos grupos PSdeG-PSOE e CENVAL; abstención do grupo municipal do PP.***

**.- APROBACIÓN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 08/2021 MC CE FINANCIADO CON OPERACIÓN DE PRÉSTAMO.-**

“PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 08/2021 MC CE FINANCIADO CON OPERACIÓN DE PRÉSTAMO.

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 177 del Texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales: *1. Cuando haya de realizarse algún gasto que no pueda demorarse hasta el ejercicio siguiente, y no exista en el presupuesto de la corporación crédito o sea insuficiente o no ampliable el consignado, el presidente de la corporación ordenará la incoación del expediente de concesión de crédito extraordinario, en el primer caso, o de suplemento de crédito, en el segundo.*

*2. El expediente, que habrá de ser previamente informado por la Intervención, se someterá a la aprobación del Pleno de la corporación, con sujeción a los mismos trámites y requisitos que los presupuestos. Serán asimismo, de aplicación, las normas sobre información, reclamación y publicidad de los presupuestos a que se refiere el artículo 169 de esta ley.*

*3. Si la inexistencia o insuficiencia de crédito se produjera en el presupuesto de un organismo autónomo, el expediente de crédito extraordinario o de suplemento de crédito propuesto inicialmente por el órgano competente del organismo autónomo a que aquél corresponda, será remitido a la entidad local para su tramitación conforme a lo dispuesto en el apartado anterior.*

*4. El expediente deberá especificar la concreta partida presupuestaria a incrementar y el medio o recurso que ha de financiar el aumento que se propone.*

*Dicho aumento se financiará con cargo al remanente líquido de tesorería, con nuevos o mayores ingresos recaudados sobre los totales previstos en el presupuesto corriente, y mediante anulaciones o bajas de créditos de gastos de otras partidas del presupuesto vigente no comprometidos, cuyas dotaciones se estimen reducibles sin perturbación del respectivo servicio. En el expediente se acreditará que los ingresos previstos en el presupuesto vengán efectuándose con normalidad, salvo que aquéllos tengan carácter finalista.*

*5. Excepcionalmente, y por acuerdos adoptados con el quórum establecido por el artículo 47.3 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, se considerarán recursos efectivamente disponibles para financiar nuevos o mayores gastos, por operaciones corrientes, que expresamente sean declarados necesarios y urgentes, los procedentes de operaciones de crédito en que se den conjuntamente las siguientes condiciones:*

*Que su importe total anual no supere el cinco por ciento de los recursos por operaciones corrientes del presupuesto de la entidad.*

*Que la carga financiera total de la entidad, incluida la derivada de las operaciones proyectadas, no supere el 25 por ciento de los expresados recursos.*

*Que las operaciones queden canceladas antes de que se proceda a la renovación de la Corporación que las concierte.*

*6. Los acuerdos de las entidades locales que tengan por objeto la habilitación o suplemento de créditos en casos de calamidades públicas o de naturaleza análoga de excepcional interés general, serán inmediatamente ejecutivos, sin perjuicio de las reclamaciones que contra ellos se promovieran, las cuales deberán sustanciarse dentro de los ocho días siguientes a la presentación, entendiéndose desestimadas de no notificarse su resolución al recurrente dentro de dicho plazo.*

Considerando o artículo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril:

*Los créditos extraordinarios son aquellas modificaciones del Presupuesto de gastos mediante los que se asigna crédito para la realización de un gasto específico y determinado que no puede demorarse hasta el ejercicio siguiente y para el que no existe crédito. (Artículo 158.1, LRHL).*

*Los suplementos de créditos son aquellas modificaciones del Presupuesto de gastos en los que concurriendo las mismas circunstancias anteriores en relación con el gasto a realizar, el crédito previsto resulta insuficiente y no puede ser objeto de ampliación. (Artículo 158.1, LRHL).*

Así como o artículo 36.2 relativo á fonte de financiamento destas modificacións de crédito:

*2. Los créditos extraordinarios y los suplementos de crédito para gastos de inversión podrán financiarse, además de con los recursos indicados en el apartado anterior, con los procedentes de operaciones de crédito.*

Vista a urgente necesidade de realizar diversos investimentos no presente exercicio 2021 para os que non existe crédito adecuado no vixente orzamento municipal

PROPONSE:

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito co número de expediente 08/2021 MC CE

A aprobación de modificación de crédito nas aplicacións orzamentarias de investimentos que se detallan a continuación por importe total de 159.306,20 euros:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE A DOTAR
130.60000	Administración xeral de seguridade e protección civil. Inversións en terreos.	10.000,00
326.60000	Servizos complementarios de educación. Inversións en terreos.	30.000,00
312.63200	Centro de saúde. Inversión de reposición edificios e outras construcións	84.000,00
933.60900	Xestión do patrimonio. Outras inversións novas en infraestruturas	25.306,20
1722.60000	Protección do medio ambiente. Inversións en terreos	10.000,00
<b>TOTAL</b>		<b>159.306,20</b>

➤ Financiamento procedente de préstamos recibidos en entidades bancarias:

913 00 Préstamos recibidos a largo prazo de entes de fóra do sector público	159.306,20
<b>Total</b>	<b>159.306,20</b>

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Simultaneamente ao envío do anuncio a publicar anterior, remitir copia do expediente á Comunidade Autónoma e Administración Estatal. Ratificar a variación do anexo de investimentos correspondente aos créditos prorrogados e os que se introducen coas modificacións orzamentarias .

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica  
O Alcalde, Alberto González Fernández (asdo. dixitalmente) “

**O Pleno da Corporación en votación ordinaria e por maioría dos asistentes á sesión, acordou a aprobación da adxudicación da operación de préstamo.**

***Votos favorables dos grupos PSdeG-PSOE e CENVAL; abstención do grupo municipal do PP.***

## **II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO**

### **7º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ACALDÍA EMITIDOS NO MES DE MARZO DE 2021.**

Dáse conta ao Pleno, en virtude do artigo 42 do R.D. legislativo 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dos decretos ditados no mes de marzo de 2021, que comprenden do número 132 ao 196 aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno local, conforme ao previsto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A documentación relativa a este asunto comprensiva de listado numerado e extracto do asunto entregouse e estivo a disposición dos/as concelleiros/as con anterioridade á sesión plenaria.

**Os/as concelleiros/as tomaron coñecemento da resolucións da Alcaldía.**

### **8º.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE 1º TRIMESTRE 2021.-**

Dáse conta aos presentes do informe sobre cumprimento dos prazos para o pago das obrigas do Concello de Valdoviño, previsto na Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, durante o 1º trimestre do ano 2021; do seguinte resume:

#### **1.- Facturas ou documentos xustificativos pagados durante o trimestre:**

	<b>PMP (Días)</b>	<b>DENTRO DO PERÍODO LEGAL DE PAGO</b>	<b>FORA DO PERÍODO LEGAL DE PAGO</b>
<b>Nº DE OPERACIÓNS</b>		829	1
<b>IMPORTE TOTAL</b>	25,12	1.021.845,73 €	1.950,52 €



**2.- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do trimestre (artigo 4.3 da Lei 15/2010):**

	<b>PMP (Días)</b>	<b>DENTRO DO PERÍODO LEGAL DE PAGO</b>	<b>FORA DO PERÍODO LEGAL DE PAGO</b>
<b>Nº DE OPERACIÓNS</b>		70	0
<b>IMPORTE TOTAL</b>	17,68	211.118,21 €	0,00 €

**3.- Intereses de demora pagados durante o trimestre:**

Nº total de operacións: 0.

**Importe total: 0**

**A Corporación tomou razón do informe antedito.**

**9º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

A sra. Veiga Doce do grupo CENVAL pregunta pola contratación de socorristas para as praias. Responde a secretaria municipal que xa están preparadas as bases da contratación.

Sen máis asuntos para abordar nesta sesión, queda levantada ás vinte e unha horas e cinco minutos pola Alcaldía\_Presidencia; da que se estende a presente acta que coma Secretaria CERTIFICO o seu contido.

*Documento asinado dixital pola secretaria municipal e polo alcalde.*